

PROCEDEMENTO

PARA A SOLICITUDE DE ADMISIÓN (PREINSCRICIÓN) EN TITULACIÓNS DAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020/21.

1.- Alumnado de Bacharelato cos seus datos informatizados na Aplicación Nerta

- Rexistra a solicitude de preinscrición, indicando a relación priorizada de titulacións na Aplicación Nerta
- Non ten que presentar ningunha documentación.

2.- Alumnado de FP cos seus datos informatizados na Aplicación Nerta, que se presentaron á parte voluntaria da ABAU

- Rexistra a solicitude de preinscrición, indicando a relación priorizada de titulacións na Aplicación Nerta.
- Envía ao LERD correspondente, por correo electrónico, a acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título, no caso de que non a presentaran para realizar as ABAU.

3.- Alumnado que non ten os seus datos informatizados na Aplicación Nerta

3.1.- Rexistra os seus datos persoais na Aplicación Nerta

3.2.- Rexistra a solicitude de preinscrición, indicando a relación priorizada de titulacións na Aplicación Nerta

3.3.- Para que os responsables da **Administración Universitaria poidan completar os datos da súa solicitude**, sube á Aplicación Nerta a seguinte documentación:

- Copia do DNI, NIE ou Pasaporte (no caso de estranxeiros/as),
- Solicitude de admisión, debidamente cuberta, que poderá baixar da Web da CiUG:

<https://ciug.gal/PDF/imprsos/solicitudemision-galego.pdf>

<https://ciug.gal/PDF/imprsos/solicitudemision-castelan.pdf>

- Unha copia do resto de documentación específica segundo a credencial de Acceso, que se indica na cláusula cuarta da convocatoria de preinscrición.

Nota: Só no caso de resultar admitido e unha vez que formalice a matrícula, entregará a documentación orixinal ou debidamente cotexada na universidade en que se matricule.